



Expediente núm.: 667/2026

Resolución da alcaldía

Procedemento: Convocatoria e Concesión de Subvencións por Procedemento de Concorrenza Competitiva

Asunto: XXXVI Concurso da Caña do País

Documento asinado por: O Alcalde

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Visto que con data 01 de xullo de 2026, por Providencia de Alcaldía, considerouse conveniente efectuar a convocatoria e concesión de subvencións do “XXXVI Concurso da Caña do País” con motivo da XXXVI Festa da Anguía e Mostra da Caña do País.

Visto que con data 02 de xullo de 2026, emitiuse informe de Secretaría no que se indicaba a lexislación aplicable e o procedemento a seguir para convocar e conceder as subvencións.

Visto que con data 02 de xullo de 2026, emitiuse informe de Intervención sobre a existencia de crédito para a atención do gasto derivado da concesión de devanditas subvencións e efectuouse a pertinente retención do crédito dispoñible.

Examinada a documentación que a acompaña, visto o informe de Secretaría, e de conformidade co establecido no artigo 20 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e a aplicación presupostaria do Orzamento Xeral de 2026 establecida para a concesión de subvencións para este programa

RESOLVO

PRIMEIRO. Aprobar a concesión de subvencións para o “XXXVI Concurso da Caña do País”, por procedemento de concorrencia competitiva, co texto que figura a continuación da presente resolución.

SEGUNDO. Fornecer, por parte da Intervención, á BDNS a documentación necesaria para que se proceda á publicación do extracto da convocatoria no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra*.

Asinado dixitalmente á marxe.

O Alcalde,
José María Bello Maneiro

DECRETO
Número: 2026-0332 Data: 02/07/2026

Cod. Validación: 9FKXOCMYTWT7A7AAAXJ7LAWZTL
Corrección: <https://valga.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 13





XXXVI CONCURSO DA CAÑA DO PAÍS

Bases reguladoras para o Concurso da Caña do País dentro da XXXVI Festa Mostra da Caña do País co gallo de fomentar o turismo e a gastronomía de Valga.

PREÁMBULO

A XXXVI Festa da Anguía e Mostra da Caña do País, considerada Ben de Interese de Galicia, é a celebración que máis visitantes atrae ao Concello de Valga. Esta festa gastronómica enxalza os dous produtos máis destacados do concello, ademais serve de escaparate para o turismo e centros hostaleiros locais.

Por este motivo, e coa intención de contribuír á promoción turística e hostaleira, o Concello de Valga elabora unhas bases de subvencións para o Concurso da Caña do País dentro da XXXVI Mostra da Caña do País.

BASES DA CONVOCATORIA EN CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA SUBVENCIONAR O CONCURSO DA CAÑA DENTRO DA XXXVI MOSTRA DA CAÑA DO PAÍS DO CONCELLO DE VALGA

1. OBXECTIVO

O obxectivo das presentes bases é regular as condicións do Concurso da Caña do País dentro da XXXVI Festa Mostra da Caña do País.

2. PRESUPOSTO DISPOÑIBLE

As cantidades destinadas a esta convocatoria serán de:

- 1.450 euros, en premios, realizándose o gasto con cargo á 3380.48900.
- 600 euros, en trofeos, realizándose o gasto con cargo á 3380.22609.

3. CONCORRENCIA COMPETITIVA

Os premios inherentes a este concurso concederanse en réxime de concorrencia competitiva, previo estudo e valoración por parte do xurado.

4. PARTICIPANTES

Considéranse participantes as persoas físicas que concorran nas condicións establecidas nestas bases.

5. EMISIÓN E PAGO DOS PREMIOS

O concello repartirá o presuposto dispoñible da seguinte maneira:

▪ BRANCA

1º PREMIO: Trofeo conmemorativo, diploma e 500 euros.

2º PREMIO: Trofeo conmemorativo, diploma e 150 euros.

▪ HERBAS

DECRETO
Número: 2026-0332 Data: 02/07/2026

Cod. Validación: 9FKXOCMYTWT7A7AAAXJTLAWZTL
Corrección: <https://valga.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 13





1º PREMIO: Trofeo conmemorativo, diploma e 300 euros.

2º PREMIO: Trofeo conmemorativo, diploma e 100 euros.

▪ **TOSTADA**

1º PREMIO: Trofeo conmemorativo, diploma e 300 euros.

2º PREMIO: Trofeo conmemorativo, diploma e 100 euros.

O concello emitirá uns diplomas acreditativos coas respectivas contías económicas dos premios, que serán entregados durante os actos da celebración da XXXVI Festa da Anguía e Mostra da Caña do País.

Aos premios con contía superior a 300 €, seralles aplicada a súa correspondente retención do IRPF segundo a lexislación vixente.

6. REQUISITOS PARA A CONDICIÓ DE PARTICIPANTE

As persoas participantes deberán estar empadroadas no Concello de Valga e/ou elaborar a caña con produto procedente de terreos situados no termo municipal Valga. Ademais, deben estar dadas de alta no rexistro de destiladores artesanais da Axencia Tributaria.

Non poderán obter a condición de participantes as persoas en quen concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

7. CONCURSO

O concurso rexerese polos seguintes apartados:

▪ **Modalidades:**

O concurso baséase en tres modalidades de produto final e de elaboración propia:

- Caña branca
- Caña de herbas
- Caña tostada

▪ **Procedemento:**

O concurso constará de dúas partes para cada modalidade.

- **Precata:** Na precata farase unha primeira selección entre os produtos presentados.
- **Cata:** Na cata decidirase os produtos gañadores de entre os seleccionados na precata.
- **Criterio de desempate:** En caso de producirse un empate na puntuación da cata final de dous ou máis produtos dentro da mesma modalidade, este resolverase sumando a puntuación obtida na precata para cada produto. Se o empate se mantén producirase unha nova cata dos produtos empatados.

▪ **Embotellado e presentación:**

- Coa finalidade de manter a igualdade de participación e, para manter o anonimato, as persoas participantes deberán presentar o seu produto nun tipo de envase específico que recollerán, con anterioridade, no Concello de Valga.

DECRETO
Número: 2026-0332 Data: 02/07/2026

Cod. Validación: 9FKXOCMYTWT7AAAXJ7LAWZTL
Corrección: <https://valga.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 13





- As persoas participantes, entregarán o envase co produto final, debidamente embotellado, no Concello de Valga, onde se lles asignará un número de participación en cada modalidade á que se presente. Tamén se lles entregará o mesmo número para identificar o sobre coa ficha de inscrición e que acompañará ao produto presentado.

8. REQUISITOS E DOCUMENTACIÓN A APORTAR PARA A PARTICIPACIÓN

Ademais dos requisitos establecido no artigo anterior, as persoas participantes deberán cumprir todos e cada un dos requisitos establecidos no artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións.

As persoas participantes deberán entregar co Concello de Valga:

- O produto debidamente embotellado, cumprindo os requisitos expostos nos artigos anteriores.
- Un sobre pechado identificado co número entregado ao presentar o produto. No interior xuntarase a ficha de inscrición incorporada nas presentes bases cos datos persoais, o enderezo e teléfono de contacto.

Cada persoa participante poderase presentar a calquera das modalidades establecidas condicionado a presentar un so produto por modalidade.

9. PRAZO E FORMA DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES DE PARTICIPACIÓN

O prazo de presentación dos produtos e sobres de participación será ata o 25 de agosto de 2026 ás 14:00 horas.

A presentación farase a través do rexistro do Concello de Valga.

10. OBRIGATORIEDADE DE CESIÓN

A persoa gañadora do primeiro premio de cada modalidade na que se compite, terá unha obrigatoriedade de ceder ao Concello de Valga un garrafón de 16 litros da caña resultante do mesmo destilado que a premiada.

O resto de envases presentados, poderán ser recuperados transcorridos 30 días dende a publicación oficial dos produtos premiados. Transcorrido este prazo, se non se retirasen, os produtos presentados pasarán a ser de propiedade municipal, podendo facer o Concello de Valga, o que estime oportuno.

11. TROCO E VIXENCIA DOS PREMIOS

Entregaranse uns diplomas acreditativos coas contías dos premios o día 29 de agosto de 2026.

O ingreso dos premios farase en días posteriores a través de transferencia bancaria. A estes efectos será indispensable a presentación dun certificado do número de conta titular do premiado (ou representante no seu caso) onde se realizará o pago, unha vez sexa emitido informe proposta polo Departamento de Cultura e/ou Turismo e adoptado acordo de concesión polo órgano competente.

12. ÓRGANO COMPETENTE PARA A INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA

O órgano competente para ditar cantos acordos se requiran no procedemento será o Alcalde do Concello de Valga.

DECRETO
Número: 2026-0332 Data: 02/07/2026

Cod. Validación: 9FKXOCMYTWT7A7AAAXJ7LAW2TL
Corrección: <https://valga.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona.esPublico | Páxina 4 a 13





13. COMPOSICIÓN E COMPETENCIAS DO XURADO

O xurado estará composto por un mínimo de tres e un máximo de cinco compoñentes. Os compoñentes serán persoas coñecedoras do produto e a súa elaboración.

O xurado resérvase o dereito a deixar deserto o concurso baixo os criterios de adecuación e calidade mínima de acordo cos obxectivos do concurso. As decisións do xurado serán inapelables.

14. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

O xurado resérvase o dereito de rexeitar calquera produto que non cumprise cos distintos apartados establecidos nestas bases reguladoras.

15. MODIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN

Calquera alteración das condicións tidas en conta para a concesión dos premios dará lugar á modificación da resolución de concesión, de acordo co establecido no artigo 19.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro.

16. RÉXIME XURÍDICO

Ademais do disposto nas presentes bases, a presente convocatoria supeditarase ao establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, na Norma de execución presupostaria que se atope vixente en cada momento de cada convocatoria, e demais normativa que resulte de aplicación.

17. ACEPTACIÓN

A participación neste concurso supón a plena aceptación das presentes bases e a conformidade coas decisións do Xurado.

A organización resérvase o dereito a introducir, se o cre convinte, as modificacións necesarias para o bo funcionamento do concurso.

Coa participación no concurso, as persoas interesadas autorizan expresa e gratuitamente ao Concello de Valga para a captación, reprodución e publicación do seu nome, apelidos e imaxe en fotografías ou vídeos realizados durante os actos da Festa e a entrega de premios. Esta autorización limitase exclusivamente á difusión, promoción e publicidade do concurso nos medios de comunicación locais, páxina web municipal e redes sociais oficiais do Concello, sen que isto xere dereito a ningún tipo de contraprestación económica.

DECRETO
Número: 2026-0332 Data: 02/07/2026

Cod. Validación: 9FKXOCMYTWT7A7AAAXJ7LAWZTL
Corrección: <https://valga.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 13





XXXVI CONCURSO DA CAÑA DO PAÍS

FICHA DE INSCRIPCIÓN E DECLARACIÓN RESPONSABLE

D./D^a. _____

con D.N.I. núm. _____ e con domicilio en

con teléfono de contacto _____ e enderezo electrónico

DECLARA

Que coñece as bases do **XXXVI CONCURSO DA CAÑA DO PAÍS** e fai constar a súa conformidade e aceptación das expresadas bases a cuxo efecto

MANIFESTA

- Que está empadroado en Valga.
- Que elabora a caña con produto procedente de terreos situados no termo municipal de Valga.
- Que está dado de alta no rexistro de destiladores artesanais da Axencia Tributaria.
- Que o produto presentado é de produción propia.
- Que non se atopa en ningunha das prohibicións para ser beneficiaria de subvencións establecidas no artigo 13 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.
- Que acompaña á presente ficha de inscrición os seguintes elementos e documentación:
 - Envase co produto final, debidamente embotellado e identificado coa modalidade e o número de participación.
 - Sobre pechado, unicamente identificado número de participación da modalidade, que contén esta ficha.
 - Fotocopia do D.N.I.

PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL:

En cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 (RGPD) e da Lei Orgánica 3/2018 (LOPDGDD), infórmase de que os datos persoais facilitados nesta solicitude serán tratados polo Concello de Valga, en calidade de Responsable do Tratamento, coa finalidade de xestionar a súa participación no XXXVI Concurso da Caña do País e tramitar a concesión dos premios económicos. Os datos conservaranse durante os prazos legais necesarios para a xustificación da subvención. Poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición e limitación do tratamento dirixíndose por escrito ao Rexistro Xeral do Concello de Valga.

E para que conste asina a presente declaración en Valga, a _____ de _____ de 2026.

Asdo.:

DECRETO
Número: 2026-0332 Data: 02/07/2026

Cod. Validación: 9FKXOCMYTWT7AAAXJ7LAWZTL
Corrección: <https://valga.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 13





Expediente núm.: 667/2026

Resolución de alcaldía

Procedimiento: Convocatoria y Concesión de Subvenciones por Procedimiento de Concurrencia Competitiva

Asunto: XXXVI Concurso da Caña do País

Documento firmado por: El Alcalde

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Visto que con fecha 01 de julio de 2026, por Providencia de Alcaldía, se consideró conveniente efectuar la convocatoria y concesión de subvenciones del “**XXXVI Concurso da Caña do País**” con motivo da XXXVI Festa da Anguía e Mostra da Caña do País.

Visto que con fecha 02 de julio de 2026, se emitió informe de secretaría en el que se indicaba la legislación aplicable y el procedimiento a seguir para convocar y conceder las subvenciones.

Visto que con fecha 02 de julio de 2026, se emitió informe de Intervención sobre la existencia de crédito para la atención del gasto derivado de la concesión de dichas subvenciones y se efectuó la pertinente retención del crédito disponible.

Examinada la documentación que la acompaña, visto el informe de Secretaría, y de conformidad con lo establecido en el artículo 20 da Ley 9/2007, de 13 de junio, de Subvenciones de Galicia y la aplicación del Presupuesto General de 2026 establecida para la concesión de subvenciones para este programa

RESUELVO

PRIMEIRO. Aprobar la concesión de subvenciones para el “**XXXVI Concurso da Caña do País**”, por procedimiento de concurrencia competitiva, con el texto que figura a continuación de la presente resolución.

SEGUNDO. Suministrar, por parte de la Intervención, a la BDNS la documentación necesaria para que se proceda a la publicación del extracto de la convocatoria en el *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra*.

Firmado electrónicamente al margen

El Alcalde,
José María Bello Maneiro

DECRETO
Número: 2026-0332 Data: 02/07/2026

Cod. Validación: 9FKXOCMYTWT7A7AAAXJ7LAW2TL
Corrección: <https://valga.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 13





XXXVI CONCURSO DA CAÑA DO PAÍS

Bases reguladoras para el Concurso da Caña do País dentro de la XXXVI Festa Mostra da Caña do País con motivo de fomentar el turismo y la gastronomía de Valga.

PREÁMBULO

La XXXVI Festa da Anguía e Mostra da Caña do País, considerada Bien de Interés de Galicia, es la celebración que más visitantes atrae al Ayuntamiento de Valga. Esta fiesta gastronómica ensalza los dos productos más destacados del ayuntamiento, además sirve de escaparate para el turismo y centros hosteleros locales.

Por este motivo, y con la intención de contribuir a la promoción turística y hostelera, el Ayuntamiento de Valga elabora unas bases de subvenciones para el Concurso de la Caña del País dentro de la XXXVI Mostra da Caña do País.

BASES DE LA CONVOCATORIA EN CONCURRENCIA COMPETITIVA, PARA SUBVENCIONAR EL CONCURSO DE LA CAÑA DENTRO DE LA XXXVI MOSTRA DA CAÑA DO PAÍS DEL AYUNTAMIENTO DE VALGA

1. OBJETIVO

El objetivo de las presentes bases es regular las condiciones del Concurso de la Caña do País dentro de la XXXVI Festa Mostra da Caña do País.

2. PRESUPUESTO DISPONIBLE

Las cantidades destinadas a esta convocatoria serán de:

- 1.450,00 euros, en premios, realizándose el gasto con cargo a la 3380.48900.
- 600,00 euros, en trofeos, realizándose el gasto con cargo a la 3380.22609.

3. CONCURRENCIA COMPETITIVA

Los premios inherentes a este concurso se concederán en régimen de concurrencia competitiva, previo estudio y valoración por parte del jurado.

4. PARTICIPANTES

Se consideran participantes las personas físicas que concurren en las condiciones establecidas en estas bases.

5. EMISIÓN Y PAGO DE LOS PREMIOS

El ayuntamiento repartirá el presupuesto disponible de la siguiente manera:

DECRETO
Número: 2026-0332
Data: 02/07/2026

Cod. Validación: 9FKXOCMYTWT7A7AAAXJ7LAWZTL
Corrección: <https://valga.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 13





▪ **BLANCA**

1º PREMIO: Trofeo conmemorativo, diploma y 500 euros.

2º PREMIO: Trofeo conmemorativo, diploma y 150 euros.

▪ **HIERBAS**

1º PREMIO: Trofeo conmemorativo, diploma y 300 euros.

2º PREMIO: Trofeo conmemorativo, diploma y 100 euros.

▪ **TOSTADA**

1º PREMIO: Trofeo conmemorativo, diploma y 300 euros.

2º PREMIO: Trofeo conmemorativo, diploma y 100 euros.

El ayuntamiento emitirá unos diplomas acreditativos con las respectivas cuantías económicas de los premios durante los actos de la celebración de la XXXVI Festa da Anguía e Mostra da Caña do País.

A los premios con cuantía superior a 300 €, les será aplicada su correspondiente retención del IRPF según la legislación vigente.

6. REQUISITOS PARA LA CONDICIÓN DE PARTICIPANTE

Las personas participantes deberán estar empadronadas en el Ayuntamiento de Valga y/o elaborar la caña con producto procedente de terrenos situados en el término municipal Valga. Además, deben estar dadas de alta en el registro de destiladores artesanales de la Agencia Tributaria.

No podrán obtener la condición de participantes las personas en quienes concurra alguna de las circunstancias previstas en el artículo 13 de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones.

7. CONCURSO

El concurso se registrará por los siguientes apartados:

▪ **Modalidades:**

El concurso se basa en tres modalidades de producto final y de elaboración propia:

- Caña blanca
- Caña de hierbas
- Caña tostada

▪ **Procedimiento:**

El concurso constará de dos partes para cada modalidad.

- **Precata:** En la precata se hará una primera selección entre los productos presentados.
- **Cata:** En la cata se decidirá los productos ganadores de entre los seleccionados en la precata.
- **Criterio de desempate:** En caso de producirse un empate en la puntuación final de dos o más productos dentro de la misma modalidad, este se resolverá sumando la puntuación obtenida en

DECRETO
Número: 2026-0332 Data: 02/07/2026

Cod. Validación: 9FKXOCMYTWT7AZAAAXJ7LAWZTL
Corrección: <https://valga.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 13





la precata para cada producto. Si el empate se mantiene se llevará a cabo una nueva cata de los productos empatados.

▪ **Embotellado y presentación:**

- Con la finalidad de mantener la igualdad de participación y, para mantener el anonimato, las personas participantes deberán presentar su producto en un tipo de envase específico que recogerán, con anterioridad, en el Ayuntamiento de Valga.
- As persoas participantes, entregarán el envase con el producto final, debidamente embotellado, en el Ayuntamiento de Valga, donde se les asignará un número de participación en cada modalidad a la que se presente. También se les entregará el mismo número para identificar lo sobre con la ficha de inscripción y que acompañará al producto presentado.

8. REQUISITOS Y DOCUMENTACIÓN A APORTAR PARA LA PARTICIPACIÓN

Además de los requisitos establecido en el artículo anterior, las personas participantes deberán cumplir todos y cada uno de los requisitos establecidos en el artículo 13 de la de la Ley General de Subvenciones.

Las personas participantes deberán entregar con el Ayuntamiento de Valga:

- El producto debidamente embotellado, cumpliendo los requisitos expuestos en los artículos anteriores.
- Uno sobre cerrado identificado con el número entregado al presentar el producto. En el interior se juntará la ficha de inscripción incorporada en las presentes bases con los datos personales, la dirección y teléfono de contacto.

Cada persona participante se podrá presentar a cualquiera de las modalidades establecidas condicionado a presentar uno so producto por modalidad.

9. PLAZO Y FORMA DE PRESENTACIÓN DE LAS SOLICITUDES DE PARTICIPACIÓN

El plazo de presentación de los productos y sobres de participación será hasta el 25 de agosto de 2026 a las 14:00 horas.

La presentación se hará a través del registro del Ayuntamiento de Valga.

10. OBLIGATORIEDAD DE CESIÓN

La persona ganadora del primer premio de cada modalidad en la que se compite, tendrá una obligatoriedad de ceder al Ayuntamiento de Valga un garrafón de 16 litros de la caña resultante del mismo destilado que la premiada.

El resto de envases presentados, podrán ser recuperados transcurridos 30 días desde la publicación oficial de los productos premiados. Transcurrido este plazo, si no se retiraran, los productos pasarán a ser de propiedad municipal, pudiendo hacer el Ayuntamiento de Valga, lo que estime oportuno.

DECRETO
Número: 2026-0332 Data: 02/07/2026

Cod. Validación: 9FKXOCMYTWT7A7AAAXJ7LAW2TL
Corrección: <https://valga.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 13





11. CAMBIO Y VIGENCIA DE LOS PREMIOS

Se entregarán unos diplomas acreditativos con las cuantías de los premios el día 29 de agosto de 2026.

El ingreso de los premios se hará en días posteriores a través de transferencia bancaria. A estos efectos será indispensable la presentación de un certificado del número de cuenta titular del premiado (o representante en su caso) donde se realizará el pago, una vez sea emitido informe propuesta por el Departamento de Cultura y/o Turismo y adoptado acuerdo de concesión por el órgano competente.

12. ÓRGANO COMPETENTE PARA LA INSTRUCCIÓN Y RESOLUCIÓN DE LA CONVOCATORIA

El órgano competente para dictar cuantos acuerdos se requiera en el procedimiento será el alcalde del Ayuntamiento de Valga.

13. COMPOSICIÓN Y COMPETENCIAS DEL JURADO

El jurado estará compuesto por un mínimo de tres y un máximo de cinco componentes. Los componentes serán personas conocedoras del producto y su elaboración.

El jurado se reserva el derecho a dejar desierto el concurso bajo los criterios de adecuación y calidad mínima de acuerdo con los objetivos del concurso. Las decisiones del jurado serán inapelables.

14. INFRACCIONES Y SANCIONES

El jurado se reserva el derecho de rechazar cualquier producto que no cumpliera con los distintos apartados establecidos en estas bases reguladoras.

15. MODIFICACIÓN DE LA RESOLUCIÓN

Cualquier alteración de las condiciones tenidas en cuenta para la concesión de los premios dará lugar a la modificación de la resolución de concesión, de acuerdo con el establecido en el artículo 19.4 de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre.

16. RÉGIMEN JURÍDICO

Además de lo dispuesto en las presentes bases, la presente convocatoria se supeditará a lo establecido en la Ley 38/2003, del 17 de noviembre, General de Subvenciones, en el Real Decreto 887/2006, del 21 de julio, por el que se aprueba el Reglamento de la Ley 38/2003, General de Subvenciones, Ley 39/2015, del 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, en la Norma de ejecución presupuestaria que se encuentre vigente en cada momento de cada convocatoria, y demás normativa que resulte de aplicación.

17. ACEPTACIÓN

La participación en este concurso supone la plena aceptación de las presentes bases y la conformidad con las decisiones del Jurado.

DECRETO
Número: 2026-0332 Data: 02/07/2026

Cod. Validación: 9FKXOCMYTWT7A7AAAXJ7LAWZTL
Corrección: <https://valga.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 11 a 13





La organización se reserva el derecho a introducir, si lo cree conveniente, las modificaciones necesarias para el buen funcionamiento del concurso.

Con la participación en el concurso, las personas interesadas autorizan expresa y gratuitamente al Ayuntamiento de Valga para la captación, reproducción y publicación de su nombre, apellidos e imagen en fotografías o vídeos realizados durante los actos de la Fiesta y la entrega de premios. Esta autorización se limita exclusivamente a la difusión, promoción y publicidad del concurso en los medios de comunicación locales, página web municipal y redes sociales oficiales del Ayuntamiento, sin que ello genere derecho a ningún tipo de contraprestación económica.

DECRETO
Número: 2026-0332 Data: 02/07/2026

Cod. Validación: 9FKXOCMYTWT7A7AAAAXJ7LAW2TL
Corrección: <https://valga.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 12 a 13





XXXVI CONCURSO DA CAÑA DO PAÍS

FICHA DE INSCRIPCIÓN Y DECLARACIÓN RESPONSABLE

D./D^a. _____

Con D.N.I. nº _____ y con domicilio en _____

con teléfono de contacto _____ y correo electrónico _____

DECLARA

Que conoce las bases del **XXXVI CONCURSO DA CAÑA DO PAÍS** y hace constar su conformidad y aceptación de las expresadas bases a cuyo efecto

MANIFIESTA

- Que está empadronado en Valga.
- Que elabora la caña con producto procedente de terrenos situado en el término municipal de Valga.
- Que está dado de alta en el registro de destiladores artesanales de la Agencia Tributaria.
- Que el producto presentado es de producción propia.
- Que no se encuentra en ninguna de las prohibiciones para ser beneficiaria de subvenciones establecidas en el artículo 13 de la Ley 38/2003.
- Que acompaña a la presente ficha de inscripción los siguientes elementos y documentación:
 - Envase con el producto final, debidamente embotellado e identificado con la modalidad y el número de participación.
 - Sobre cerrado, únicamente identificado número de participación de la modalidad, que contiene esta ficha.
 - Fotocopia del D.N.I.

PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSONAL:

En cumplimiento del Reglamento (UE) 2016/679 (RGPD) y de la Ley Orgánica 3/2018 (LOPDGDD), se informa de que los datos personales facilitados en esta solicitud serán tratados por el Ayuntamiento de Valga, en calidad de Responsable del Tratamiento, con la finalidad de gestionar su participación en el XXXVI Concurso da Caña do País y tramitar la concesión de los premios económicos. Los datos se conservarán durante los plazos legales necesarios para la justificación de la subvención. Podrá ejercer sus derechos de acceso, rectificación, supresión, oposición y limitación del tratamiento dirigiéndose por escrito al Registro General del Ayuntamiento de Valga.

Y para que conste firma la presente declaración en Valga, a _____ de _____ de 2026.

Fdo.:

DECRETO
Número: 2026-0332 Data: 02/07/2026

Cod. Validación: 9FKXOCMYTWT7AZAAAXJ7LAWZTL
Corrección: <https://valga.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 13 a 13

